

Manuscritos: Xosé Vázquez Pintor

Enviado o 18 Xaneiro 2013

Son fiel lector da obra poética, ensaística e narrativa de [Xosé Vázquez Pintor](#) desde hai ben de anos. Sempre entendín como achegas fundamentais ao noso sistema literario títulos como *A memoria do boi*, *Mar de bronce*, a triloxía dos vellos oficios ou [Seara](#), por só citar algúns. E nese ronsel segue o autor radicado en Cangas como amosa o seu recentísimo [Columnas de papel](#), que comeza a se distribuír estes mesmos días e que atesoura unha escolma dos seus artigos xornalísticos publicados nos últimos vinte e cinco anos. Dito isto, Vázquez Pintor non podía faltar, como é lóxico, nesta sección de manuscritos para o que nos achega, xenerosamente, un poema dedicado a Rosalía de Castro, de actualidade sempre mais sobre todo este ano no que se celebra o 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, xunto con media páxina do libro inédito *Antipodas* que verá a luz este mesmo ano en Edicións Xerais de Galicia, algo que sinceramente celebro, e que dedica a «quen tanto admiro e quero: os residentes das intemperies da vida».



Inquirido polos seus hábitos da escrita Vázquez Pintor remitíume un texto que reproduzo integramente pois nel debulla reflexións que valor como unha achega fermosa e enriquecedora na que desvela interesantes claves de como se enfronta Pintor ao acto creativo e non só. A miña gratitude sincera por este texto e pola cesión dos manuscritos.

«A escrita é unha liberación, un desatranco emocional, outear dende o profundo para alcanzarmos aquelas atmosferas que son luz e gratitude. Os meus hábitos son os de cando en vez (nin case sempre nin case nunca), mais esa vez é unha resurrección: e sinto o padal da vida, das vidas que consumo e me consomen. A devoración de noso. Agora si que neste tempo, que pode ser de longo e sen canseira, quero estar illado e dentro do silencio, coas miñas teimas: corredor de cross e velocista a un tempo.

Non teño espazos nin horas nin días nin semanas, meses... Nin as estacións do calendario son as preferentes. Pódeme o instinto e desatendo as crónicas ao uso. A reflexión é selectiva, mais eu non fixen *o preu nin o cou* (chegara cedo). Non teño couto cando as palabras son oferta, rechamada, intuición, loureiro contra as mancaduras, as mortes e os *desafiuzamentos (a voz en medras desta peste que nos quere e ama de tanto sermos ningún de ningures a renxer cara a vellice)*.

Acabadiñas de seu as miñas máquinas agora escribo batendo as teclas do ordenador. Perdín aquela caligrafía dos apuntamentos, tamén a do escribán, e en menos cantidade e calidade a dos chafallas: *“tira pra diante que eu ben me entendo”*. Os dedos, sen o costume e xa moi dependentes da priguiza, só queren e saben máis folgar.

Encantenón o tempo corre, voa, vai cabo de lonxe. E rise o espello cando veño do meu cuarto de sorrir, porque eu non teño o mal do sufrimento cando escribo. Atópome ben e cadro cos meus anos nas palabras e na lingua que aínda sei. E lembro aquela tanta infancia de cariño para quen me daba unha historia, un conto, un mar oral; e os tantos bicos grandes por saber».

(día e medio antes de eu nacer; e melide sempre será)

ANTIPODAS
pax. 86. capítulo 60.

E vira a mare, a avoltura dos lingoretas. Toda a forza da boca era unha descarga de peixe cuncamo, aquel que nada vale e tirate para que as aves fagan a festa do rebolido e lhas chiro de vida aérea e requen gatos na trasmaia das laxas onde os homes patan co spanello ao lombo e o canistrel de brazo.

- Ahí que na Billarda hai a maldición!
- Si que a había, e moita.

Se Plinio quixer podería escribir as páxinas mephas de cadaquén que vai de tanto, e xa non dicir des tantas demas e diantres que ton de caste dos riolotes como el. Medran as pedras para o abateamento: sobran aquelas de esor e pican. Ofrecen voces de teñid para que as ndas sexan aire a toda voz e medren os oídos maila enxere aquí, alá, aló e acolabó. Plinio cumpre a profecía da súa nai: "haste rir e chorar a un tempo, meu sillo, hai." Seledos e blandeiro, vai de castas a' luceira que el depreza porque a debe toda e máis. Calacrido, orfo, pau de buxo nos pés, comiña e ande, para non mancar as lantás do chan da urbe renascente forra as chimelas con caudo.

- Calquera día has caer delas embrixo e vas dar que rir, Plinio. Por que non andas como a xente, meu?

ROSA EN IRIA

Como nos vai na vida, me das palavras
 por tanto inverno que tramoite
 e anda em sono sentado nas esperas?
 E vês-te sempre vir de algum canto os fulgores
 do solstício, noite em luz, que nos amedace e sonos
 possuídos pela máxiz das fontes e das mares:
 versos brancos cabalados no alto como pedras
 informes onde alubia o vento das refachas
 que depois vai no anseio de alguma que chama ao
 e grita: Vou xita, não podes, fude ao solo
 da terra e cada aqui com más um tempo
 de silêncio enquanto não acordas entre mormura
 e antes foxe o desamais, o elemento, a toleria
 de não ser sentir aquela sombra que se compõe:

ROSALIA NA DADA DA RISA E DA INTEMPERIE,

NUNCA ALTARES!

* Do livro "Seara" (obra póstuma)

* Este poema fino, ainda inédito na
"Luz", na Casa Museu de Roberto, com este-
mudas da sabedoria de trás mine. Este
banco Plus Pato, Apaxo Aguiar, Helene
Villas, Mine Villa, Luto Rêde, Alonto Jua-
tero... e a voz de Udo Pedreira. Após
as tertulias seguem nas cadeiras
de nome, soterrando.

Esquencia que ai estava no audito-
rio aberto o poeta de Auri, Victor
Campio Pereira, sibandero, lupul-
de, na escote da nota voz e os
ecos.

Saídos,

